

Política Lingüística aposta por aproveitar a potencialidade da literatura para promover o uso do galego

O secretario xeral, Anxo Lorenzo, reuniuse hoxe con representantes do Centro PEN de Galicia e da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Mér, 02/02/2011

O sistema literario galego é unha vía imprescindible para a extensión e dignificación social da lingua galega, así como para a súa proxección exterior. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística pretende reforzar a súa colaboración coas entidades que mellor coñecen este ámbito.

Entre as máis importantes en Galicia atópanse o Centro PEN de Galicia e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, reuniuse hoxe con representantes destes dous colectivos, co fin de darlle continuidade á colaboración que manteñen actualmente, así como de valorar novos proxectos de cooperación.



Durante este mañá, o presidente do Centro PEN de Galicia, Luís González Tosar, e o responsable de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, valoraron diversas iniciativas, entre elas, algunhas de especial interese para a proxección exterior do idioma galego. É o caso do Free the Word!, un evento internacional que o PEN quere aproveitar este ano para proxectar a lingua e a cultura galegas no ámbito anglosaxón. Outra das iniciativas que incide nesta dirección é a tradución de novos títulos de literaturas estranxeiras ao idioma galego, no marco da colección O Gato Tradutor. É o caso da antoloxía de poesía contemporánea das linguas de Italia na que traballa a profesora Daniela Sotgiu, da Universidade de Cagliari, que tamén participou na xuntanza, xunto coas escritoras Marilar Aleixandre e Inma López Silva, que forman parte do Centro PEN de Galicia.

Proxectar a lingua e a literatura galegas no exterior

Xa pola tarde, o presidente e a secretaria xeral da AELG, Cesáreo Sánchez e Mercedes Queixas, respectivamente, e mais Anxo Lorenzo trataron as posibilidades de colaboración para este ano. Un dos proxectos máis importantes é o de dixitalización das fontes informativas sobre cada escritor e escritora. Esta iniciativa tamén é de especial interese para a proxección internacional da lingua e literatura galegas, xa que facilita o acceso universal a estes recursos, que consultan persoas de todo o mundo. Ademais, trátase de material de referencia para a actividade dos máis de 40 centros de estudos galegos e lectorados que funcionan na actualidade en universidades de Europa e de América.

A secretaría xeral e a AELG tamén cooperan noutras iniciativas como ciclos, seminarios e mesas redondas para poñer en valor e difundir a literatura e a lingua galegas.

Co fin de promover a extensión social do galego, a Secretaría Xeral de Política Lingüística vén colaborando con outras entidades de referencia para a extensión do uso do galego a través da literatura. É o caso dalgunhas das fundacións de autor máis senlleiras (Fundación Rosalía de Castro, Fundación Vicente Risco, Fundación Otero Pedrayo e Fundación Carlos Casares) e da Asociación Galega de Editores.